

Por tanto, a efectos de concretar a aplicación práctica desta materia para o persoal funcionario das institucións sanitarias do SERGAS, así como para extende-la súa aplicación ao persoal estatutario, emítense as presentes

INSTRUCCIONS

PRIMEIRA.- OBXECTO.

As presentes instrucións teñen por obxecto regular os días adicionais de vacacións que corresponden ao persoal funcionario dependente de institucións sanitarias do SERGAS en virtude do establecido polo artigo 10 da Lei 9/2003 de 23 de decembro, así como a súa aplicación ó persoal estatutario das mesmas.

SEGUNDA.- INCREMENTO DE DÍAS DE VACACIÓNS

O persoal funcionario e o persoal estatutario fixo ao servizo de institucións sanitarias do SERGAS, unha vez cumpridos quince anos de servizos terán dereito ao incremento dun día hábil ñas vacacións ordinarias que polo seu réxime lles correspondan. Así mesmo, engadirase un día hábil máis aocumpridos vinte, vintecinco e trinta anos de servizo, respectivamente, ata un máximo total de catro días adicionais.

TERCEIRA.- CÓMPUTO DOS ANOS DE SÉRVIZOS,

A efectos de establecer o cumprimento dos 15, 20, 25 ou 30 anos de servizo que darán dereito aos respectivos días adicionais de vacacións, consideraranse os anos de servizo que resulten da antigüidade acreditada en nómina.

De acordo con este criterio, e únicamente para os efectos da aplicación das presentes instrucións, os anos de servizo do persoal determinaranse multiplicando por tres cada un dos trienios que teña recoñecidos en nómina, e ao resultado engadiránselle, de se-lo caso, os anos completos que teñan acreditados para perfecciona-lo próximo trienio ou premio de antigüidade.

O persoal poderá solicitar dos respectivos centros unha certificación dos servizos que se lle computen para estes efectos.



CUARTA.- EFECTIVIDADE DO DEREITO.

O dereito aos días adicionais de vacacións que se regulan ñas presentes Instrucións tarase efectivo a partir do ano natural seguinte ao do cumprimento dos anos de servizo.

Con carácter xeral os anéditos días terán o mesmo tratamento, en canto a períodos de goce, partición e demais circunstancias, que os demais días de vacacións, e con esta consideración teranse en conta nos calendarios que se elaboren nos centros.

Non obstante, os centros establecerán os criterios para que o seu goce se adapte as necesidades asistenciais e organizativas dos servizos, poio que poderá establecerse o seu goce en períodos distintos dos ordinarios vacacionais, previa negociación ñas respectivas Comisións de Centro.

QUINTA.- NORMAS DE APLICACIÓN

En todo o non previsto nestas Instrucións, os días adicionais que se regulan ñas mesmas seranlles de aplicación as normas en cada momento vixentes en materia de vacacións.

SEXTA.- XORNADA ANUAL.

Os incrementos de vacacións que se fagan efectivos en aplicación das presentes Instrucións superan a correlativa diminución da xornada anual efectiva dos trabaladores afectados. Esta redución computarase a razón de 7 horas anuais por cada día adicional de vacacións, e apücarase a partir do ano en que cada día adicional se faga efectivo.

SÉTIMA.- ENTRADA EN VIGOR.

As presentes instrucións aplicaranse dende a súa sinatura e os seus efectos referiranse as vacacións que se devenguen a partir do 1 de xaneiro de 2004.

Santiago de Compostela, 7 de malo de 2004. **DIRECTOR
XERAL DA 'DIVISIÓN DE R.HH. DO SERGAS**

Asdo. Ignacio Lema Piñeiro

ACORDÓ DÍAS ADICIONÁIS VACACIONS

De acordó co disposto no artigo 10 da Lei 9/2003 de 23 de decembro, cumprindo coas Instrucións da Dirección Xeral da División de RR.HH. e, *traía correspondente negociación sindical*, acórdanse os seguintes criterios:

DEREITO

Persoal funcionario e estatutario do C.H. Universitario de Vigo

En función da antigüidade acreditada, a razón de:

15 anos de servizo	1 día
20 anos de servizo	2 días
25 anos de servizo	3 días
30 anos de servizo	4 días

O dereito farase efectivo a partir do ano seguinte ó cumprimento dos anos de servizos recoñecidos.

NORMAS DE APLICACIÓN

Ó longo de todo o ano engadidas ou non a vacacións ordinarias sempre que as necesidades asistenciais e organizativas do Servizo o permitan, quedando debidamente cuberto. As denegacións motivadas deberán ser informadas á Comisión de Centro.

Os día adicionais de vacacións non anexionados as vacacións ordinarias poderán engadirse ós días de libre disposición, sempre que as necesidades asistenciais e organizativas do Servizo o permitan, quedando debidamente cuberto. Únicamente cabera o seu fraccionamento cando se disfruten anexionados ó período de vacacións ordinarios á súa vez fraccionado, sempre que as necesidades asistenciais e organizativas do Servizo o permitan, quedando debidamente cuberto.

SOLICITUDE

Cando se disfrute anexionado ás vacacións ordinarias, a súa solicitude é de idéntico tratamento que o establecido para as vacacións. Non anexionado ás vacacións solicitarase con 15 días de antelación, resolvéndose no prazo de 5 días. De non recibir contestación nese prazo entenderase concedido.

CÓMPUTO XORNADA ANUAL


Restaránselle 7 horas por cada día adicional de vacación á xornada anual efectiva do traballador.

Este Acordó poderá ser revisado previa denuncia por calquera das partes.

Vigo, 30 de maio de 2005



Asdo.: D. Manuel Sánchez Delgado
gerente C. ff.ÜFtttéWitario de Vijgo



As Presidente ~~San~~ Iglesias Duarte
Co misión de Centro

